

2 A miña historia lingüística

Para elaborala, tes que ir marcando a presenza do galego e do castelán nas túas diferentes redes sociais, así como nos distintos ámbitos que te rodean: familia coa que vivo, familia coa que manteño contacto frecuente, veciños, compañeiros de clase, profesores, amigos, compañeiros e monitores das actividades extraescolares, televisión, revistas, libros, música, teléfono móbil, internet (chat, messenger, face book etc., páxinas que consulto habitualmente). Podes ir facéndoo en círculos concéntricos, que empezarán cun “eu”, de xeito que terías que ordenar os círculos segundo a importancia que ti mesmo lle outorgas na túa vida a cada un dos axentes citados. Ao lado de cada axente, debes indicar a lingua que este emprega maioritariamente. Por último, a cada axente aplicaráslle unha puntuación, empezando por 1 ao máis afastado de ti –isto é, do círculo central– e aumentando un punto a medida que te aproximas a este. Se sumas por un lado as puntuacións correspondentes ao galego e polo outro as correspondentes ao castelán, obterás o “peso” de cada unha das linguas na túa traxectoria vital.

